

## FOLLA DE AUTOBAREMACIÓN

<b><u>CONCEPTO</u></b>	<b><u>PUNTUACIÓNS</u></b>	
	<b><u>PARCIAIS</u></b>	<b><u>TOTAL</u></b>
<b>I. Experiencia docente</b>		
1.1. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de relixión, no mesmo nivel educativo ao que opta o/a aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	1,000	
1.2. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de relixión, en distinto nivel educativo ao que opta o/a aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,500	
1.3. Por cada ano de experiencia docente na impartición de calquera área ou materia distinta da relixión en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,125	

<p><b>II. Formación académica. Máximo 10 puntos</b></p>		
<p>2.1. Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios.</p>		
<p>2.1.1. Polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados (Real decreto 778/1998, do 30 de abril), o título oficial de máster (Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro), suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente.</p>	<p>1,000</p>	
<p>2.1.2. Por posuír o título de doutor.</p>	<p>2,500</p>	
<p>2.1.3. Por premio extraordinario no doutoramento.</p>	<p>1,000</p>	
<p>2.2. Outras titulacións universitarias.</p>		
<p>As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o acceso ás listas de interinidades ou substitucións, valoraranse da forma seguinte</p>		

<p>2.2.1. Titulacións de primeiro ciclo:</p> <p>2.2.1.1. Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, incluídos os referentes á materia de relixión recoñecidos pola confesión relixiosa e homologados pola administración pública.</p> <p>2.2.2. Titulacións de segundo ciclo</p> <p>2.2.2.1. Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo doutras licenciaturas, enxeñerías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes, incluídos os referentes á materia de relixión recoñecidos pola confesión relixiosa e homologados pola administración pública.</p>	<p>1,000</p> <p>1,000</p>	
---	---------------------------	--

<p><b>III. Formación e perfeccionamento. Máximo 6 puntos.</b></p> <p>3.1. Por cursos e outras actividades de formación superados ou impartidos relacionados coa ensinanza da relixión, organizados polas entidades relixiosas, as administracións educativas e outras institucións sen ánimo de lucro e recoñecidos ou homologados polas administracións educativas.</p> <p>3.2. Por cursos e outras actividades de formación, superados ou impartidos, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades ou entidades eclesiásticas, non incluídos no apartado anterior.</p>	<p>0,20 por cada 10 horas</p> <p>0,10 puntos por cada 10 horas</p>	
<p>IV. Por ser desprazado ou desprazada por falta de horario..</p>	<p>9 puntos</p>	